

Título:

Caracterización do cancro de mama en mulleres obesas como novo subtipo molecular: Relevancia para a aplicación de terapia personalizada

Resumo:

Esta proposta de investigación consiste en testar a hipótese de que a adiposidade na obesidade pode estar asociada coa regulación da expresión de xenes implicados na transformación tumoral mediante mecanismos de regulación epixenética promovidos por factores proinflamatorios e prooxidantes asociados ao exceso de peso corporal e poderían ser modificados mediante un tratamento de perda de peso.

Levarase a cabo un estudo prospectivo que incluírá sobre 200 pacientes novamente diagnosticadas con cancro de mama e 200 mulleres sas de control. Un grupo aleatorizado de mulleres obesas será convidado a participar nun programa dietético para perder peso. Levarase a cabo un estudo do perfil de metilación do DNA e a expresión xénica. Os datos de metilación e expresión xénica serán correlacionados cos niveis circulantes de factores proinflamatorios e de estrés oxidativo asociados á obesidade. Ademais, os xenes diferencialmente metilados serán avaliados en leucocitos como ferramentas non invasivas potencialmente útiles no estudo de biomarcadores de prevención, diagnóstico e prognóstico do cancro de mama en asociación co exceso de peso corporal.

Este proxecto ten unha potencial implicación clínica para o tratamento personalizado do cancro de mama, expoñendo posibles bases moleculares a partir das cales as intervencións dietéticas para reducir o peso corporal poderían potencialmente conducir a unha mellora no prognóstico das pacientes con cancro de mama, así como á prevención do desenvolvemento deste tipo tumoral en sectores da poboación con alta susceptibilidade como as mulleres obesas.

Código de expediente:

CP17/00088

Investigador principal:

Ana Belén Crujeiras Martínez

Entidade beneficiaria:

Servizo Galego de Saúde

Centro de realización:

EOXI de Santiago /Instituto de
Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS)

Entidade financiadora:

Instituto de Salud Carlos III

Financiamento:

100.000 €



"Una manera de hacer Europa"

**Este proxecto está cofinanciado polo Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional (FEDER). "Unha maneira de facer
Europa"**